

ADEIDO propón alugar e rehabilitar para reactivar o mercado

► En Ourense hai unhas 3.000 vivendas sen vender.

Paula Lodeiro

Incentivar o aluguer e a rehabilitación de propiedades no rural son as dúas claves que o sector inmobiliario ourensán propón para superar a parálise do mercado da vivenda. Segundo datos que manexa a asociación que engloba aos empresarios inmobiliarios da provincia, ADEIDO, estima que na provincia hai entre 2.500 e 3.000 vivendas baleiras, entre novas, en construción e segunda man, e as vendas continúan a caer. Así, no primeiro trimestre de 2009 vendéronse 652 vivendas e, de seguir a mesma tendencia, a asociación estima que para final de ano teranse vendido unhas 2.700, fronte ás 3.080 de todo 2008, ás 3.718 que se venderon en 2007 e ás 3.882 do ano 2006.

Por iso, ADEIDO vén de aprobar en asamblea a creación de dúas comisións de traballo específicas de vivenda e de rehabilitación no rural, e acaba de facer públicas as súas propostas nestes dous eidos. No caso da comisión de vivenda, o colectivo pretende converterse en axente colaborador do Instituto Galego de Vivenda e Solo e, entre outras medidas, insta a suprimir parte dos impostos que gravan as compravendas. Tamén considera que hai que incentivar o mercado do aluguer dando garantías de cobro aos propietarios de pisos sen arrendar: "nestes momentos hai moito piso libre que non sae ao mercado do aluguer e unha

das formas para que saia ao mercado é unha protección ao propietario", indica Benito Iglesias, presidente de ADEIDO.

Incentivar a rehabilitación

Pero o gran revulsivo para o sector veno desde ADEIDO na rehabilitación de propiedades no rural, nomeadamente en municipios limítrofes coa capital que dispoñan de todos os servizos. A asociación creará unha bolsa de inmobles rexistrados con destino á rehabilitación que estará dispoñible na súa web despois do verán (www.pisoe-nourense.com). Ademais, asesorará aos interesados na compra destas casas na tramitación de axudas á rehabilitación e no rexistro das propiedades, facilitaralles presupostos para as reformas e elaboraralles de xeito gratuito o anteproxecto da rehabilitación. "Queremos crear os menos problemas posibles ás persoas que queiran adquirir unha propiedade no rural", explica Iglesias, que sitúa nuns 75.000 euros o prezo medio dunha destas vivendas, sumando a compra do inmovle e a reforma. "É unha alternativa moi positiva para as rendas medias e baixas á vez que contribuímos á dinamizar o rural, conservar o patrimonio residencial, e favorecer o retorno da xuventude a zonas da provincia deshabitadas", resume o tesoureiro de ADEIDO, Francisco Pérez.

ADEIDO creará unha bolsa de inmobles para rehabilitar